

1. Denominación do curso (nome do expediente): Prevención de riscos laborais e medio ambiente no sector naval
2. Contidos:
 - Conceptos básicos sobre seguridade e saúde laboral
 - Lei e Regulamento de PRL. Dereitos e obrigas
 - Riscos de seguridade ligados á área de traballo; instalacións, corredores, escaleiras, espazos
 - Riscos ligados ao ambiente de traballo
 - Equipos de protección persoal
 - Ergonomía: manexo de materiais e cargas
 - Riscos específicos do sector naval

 - Introducción ao medio ambiente na empresa
 - Identificación de aspectos ambientais; residuos, emisións, consumos de recursos e enerxía, derrames accidentais, chans, augas, ruído, etc.
 - Requisitos legais básicos que afectan á nosa actividade
 - Almacenamento de sustancias
 - Segregación de residuos
 - Actuacións ante derrames incidentais
3. Horas totais do curso: 16 (8 de PRL especialidade naval + 8 de medio ambiente naval)
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación IRMÁS FROILAZ, na Gándara.
5. Datas previstas do curso: Do 10 ao 13 de agosto de 2020.
6. Horario previsto: De 15:30 a 19:30 horas, de luns a venres.
7. Nº de prazas: 16.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.

8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroadado no Concello de Narón, e non ter concedido outro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente na realización. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadroamento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase o día de inicio do curso, coa tarxeta de desemprego actualizada.
9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, **que se entregarán no 1º andar do concello, entrada pola Praza de Galicia**, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 27 de xullo, ás 8:30 horas ata o 3 de agosto de 2020, ás 13:00 horas.

A presentación de solicitudes faranse no primeiro andar do concello, entrada pola Praza de Galicia, dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:00 horas).

11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.

12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación e Actividades Municipais da páxina web do Concello ou contactar co Servizo Sociocomunitario, teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión, para a confirmación da praza. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso. É obrigatorio o uso de máscaras cirúrxicas ou hixiénicas e cumprir coas medidas hixiénicas e de seguridade recomendadas.

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De non acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.